

Segundo Ciclo Primaria Día das letras galegas 2010



**Seminario de Formación Permanente
«Uxío Novoneyra»**

Rosa María Andrés Losada
Eduardo Xosé Cabrera Paradela
M.^a Luísa Domínguez Pérez
Armando Xosé Herrero Mayor
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Mario Ramón Suárez Hermida

**Seminario de Formación Permanente
«Material didáctico sobre Uxío Novoneyra»**

Ana Fernández Jonte
M.^a Isabel Hortas González
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López
M.^a Jesús Souto Pereira
M.^a Belén Suárez Carballo

**Seminario de Formación Permanente
«Uxío Novoneyra na Rede»**

Ana María Cernadas García
María del Carmen Félix Cedeira
Vanessa Guimarey Cedeira
Manuel Paz Anido
José Antonio Picado Rodríguez
M.^a Carmen Valiñas Rivas

Asesoría pedagóxica CEFOR A Coruña

Xosé Antón Amil García

Maquetación e deseño gráfico

Manolo Paz Anido (www.edugaliza.org)

Colexios participantes

CEIP Anxo da Garda, da Coruña
CEIP A Solaina, de Narón
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Eusebio da Garda, da Coruña
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP Virxe do Mar, de Narón
CEIP W. Fernández Flórez, de Cambre
CPI do Feal, de Narón

**Á Real Academia Galega, a Saleta Goy e a Uxío Novo
Rei pola súa colaboración e xenerosidade.**

Edita

**Seminario Permanente de Formación
do Profesorado do CEIP de Galán,
Oseiro-Arteixo (A Coruña)**
<http://www.seminariogalan.org>
ISBN 978-84-692-9829-9

Este ano 2010 a Real Academia Galega adícalle o 17 de maio, Día das Letras Galegas, ao poeta lugués Uxío Novoneyra. Uxío naceu o 19 de xaneiro de 1930 na pequena aldea de Parada de Moreda, nas montañas do Courel, na provincia de Lugo. Estudou o bacharelato na cidade de Lugo e posteriormente trasladouse a Madrid para comezar a carreira de Filosofía e Letras. É nesta cidade onde publica os seus primeiros poemas. Estes primeiros poemas están escritos en castelán.

No ano 1952 volta a Galicia e entra en contacto con diferentes intelectuais galegos de Santiago de Compostela, o que o leva a escribir, xa a partir de entón, exclusivamente en idioma galego.

Casou, en 1973 con Elva Rei, á que coñeceu durante a súa estada en Lugo, e coa que tivo tres fillos: Branca-Petra, Uxío e Arturo.

Durante un tempo vive entre Lugo e O Courel ata que se establece definitivamente, dez anos máis tarde, en Santiago de Compostela.

Foi presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega durante dezasete anos seguidos.

Uxío é autor de numerosos poemas, sendo os máis coñecidos e máis representativos da súa obra os recollidos baixo o título «Os Eidos», nos que recopila toda a súa poesía relacionada co Courel.

Escribiu tamén tres contos para os máis pequenos: «Gorgorín e Cabezón», «Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín» e «O cubil do xabarín».

Faleceu en Santiago de Compostela un 30 de outubro de 1999.



Caricatura de Uxío Novoneyra realizada polo seu amigo Maside na década dos cincuenta.



Portada de «Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín», un dos seus tres contos de literatura infantil.

Sobor das barcas,
as mulleres o viño
as viandas

As ondas...

Sobor das barcas:

As mulleres! o viño! as viandas!

As ondas...

Texto manuscrito dun poema de Uxío.

QUE SABES DE UXÍO NOVONEYRA?



1.- Ordena cronologicamente estes feitos da vida de Uxío Novoneyra.

Casa con Elva Rei

Nace en Parada de Moreda

Vai á universidade en Madrid

É elixido Presidente da AELG

Estuda o bacharelato en Lugo

Adícaselle o Día das Letras Galegas

1930

1945

1949


1973

1982

2010

2.- Descubre nesta sopa de letras os datos que figuran a continuación e completa.

- Nome propio de Novoneyra: _____
- Nome da súa muller: _____
- Nomes da súa filla e dun dos seus fillos: _____
- Aldea do Courel na que naceu: _____
- Nome do seu libro de poemas adicado ao Courel: _____





Uxío Novoneyra

Rabilete, que acabara adiantándose, parouse para facer un primeiro aviso: -Aquí deixámo-lo camiño para meternos á bouza e comeza o perigo. Tras calquera mato ou recoveco pode aparecer o xabariño acuado e trabarnos unha perna ou un brazo ó sentir ameazadas as súas crías.

-Din que só un xabarín ferido se acúa e agarda -precisou Gatillo-. Mais cando non vai ferido, nunca torce a rota e avanta na bouza tronzando a ramalla e canto se lle poña diante. Ó velo aparecer coa boca chea de canellos tronzados e esmestruzados, moitos cazadores teñen deixado o seu posto, guindado a escopeta e botado a correr. Isto non debe pasarnos a nós. Hai que estar ben situados e previamente a salvo -sentou Gatillo como moi experimentado, anque o certo é que nunca se as vira nin de lonxe cun xabarín, senón todo o máis con simples raposas -o fuciño arrastro-, co porco-teixo, coa londre ou co algaria.

E logo dunha pausa, engadiu baixando e como achegando a voz:

-Hoxe non nolas veremos con ningún xabarín ferido nin emboscado. O único coidado que debemos ter é o de non metérlenos nós dereitamente na boca.

E mirando serio a un por un, por se dubidaban do perigo, rematou:

-Eso si: ¡ser moi avisados ó achegarnos onde estea o cubil das crías...!

Facendo pés de la, metéronse á bouza con máis ruxir do medo a bater no peito ca dos pés na terra e dos brazos nas froumas e follata do carreiro cego. Uces, xestas e reboas por riba da cabeza e un olor a sombrizo, a sitio bravo e arredado. E ese acollemento de terra soa que deixa de sentirse co medo. Pasaron un carrozo de auga que ruxía a penas monte abaixo...

Logo atoparon un grande formigueiro riba dun cotón de carballo podre, á beira do carreiro que por fin

se cega de afeito entre a herba, a maleza e mofo mol da bouza pecha e lenta.

Estaban chegando ó cubil do xabarín, ¡ó mesmo pico! á grande pena saínte de garamela sobre o precipicio.

¡E oíron ruxir ás súas costas!





1.- Cal é o nome dos dous protagonistas do conto?

2.- Onde comezaba o perigo?

3.- Cal era o perigo segundo a opinión de Gatillo?

4.- Gatillo nunca vira un xabarán pero si a outros catro animais salvaxes. Que animais eran estes?

5.- Cal era o único coidado que tiñan que ter?

6.- O autor di que hai que «**facen pés de la**» cando se acheguen ao cubil do xabarán. Que quere dicir esa expresión? Colorea a resposta verdadeira e fai unha frase con ela.

Saír correndo.

Poñerse unhas zapatillas deportivas.

Andar sen facer ruído.

Levar calcetíns de la.











7.- Como xa sabes nos poemas de Novoneyra aparecen en moitas ocasións referencias á flora e a fauna do Courel. Axudado polo dicionario averigua cales dos seguintes nomes son de animais ou de plantas e árbores.

aguías carballos freixo xineta teixos cóbrega noqueiras pradairo

ANIMAIS



PLANTAS ou ÁRBORES






8.- Que son emiten estes animais?

- OVELLAS  _____
- VACAS  _____
- CANS  _____
- GATOS  _____
- CABRAS  _____
- CABALOS  _____
- GALIÑAS  _____
- CURUXAS  _____


BEAN
LADRAN
MUXEN
MEAN
MIAÑAN
CACAREXAN
GRALLAN
RINCHAN

9.- O formigueiro é «a casa» das formigas. Moitos animais viven en sitios cun nome especial. Escolle un nome de cada saco e forma parellas.



- _____  _____
- _____  _____
- _____  _____
- _____  _____
- _____  _____

10.- Busca na sopa de letras seis nomes colectivos relacionados cos animais.



ENXAME
FORMIGUEIRO
RABAÑO
MANDA
BANDADA
ARMENTÍO

RINCHA O CABALO RINCHÓN

Uxío Novoneyra

RINCHA o cabalo rinchón
 peta o piquelo no encino
 resga o gaio unha canción
 e guíndaa dindes do ar
 e vai voando sin tino
 buscando outra noutro brelo
 que ha de ter o mesmo sino.



cabalo rinchón= paxaro que canta
 como rinchan os cabalos


Enche o cuco o val co seu cantar.

ENTENDICHES O POEMA?

1.- Na poesía cítase o nome de catro animais. Cales son?

2.- O galo guindou algo dende o ar e vai voando sen tino. A que se refire?

3.- Localiza nesta sopa de letras o nome de nove aves.




AGUIA ANDORIÑA MOUCHO BUBELA MIÑATO
 PEGA CURUXA PAPORRUBIO MERLO

EÍ VEIN OS CORDEIROS FIAR OS CORDALLOS!



Eí vein os cordeiros fiar os cordallos!
Acabáronse os traballos.
Viñeron as neves. Veo a chuvia i o vento
pra quen non pode estar dentro.



Eu no meu
cada un no seu
teña pan teña leña
teña herba pros bois
e despois
veña o que veña.
É o prego do labrego.

Uxío Novoneyra

Cebalos cochos matalos
salalos i afumalos.
Ir derretendo na grasa...
Ir achegando na brasa...
Sempre hai que facer na casa.

ENTENDES O POEMA?



1.- En que época do ano está ambientada a poesía?

2.- Por que prega o labrego?

3.- Que significado ten a expresión «cebalos cochos»?

4.- Completa con palabras da poesía.

Persoa que se adica a traballar a terra

Fíos torcidos, corda

Súplica, petición

Touro castrado

Año, cría da ovella

Axuntando unha cousa á outra

Mamífero doméstico; porco

Facer engordar a un animal

POLOS MONTES DE GALICIA

O Courel, a serra montañosa luguesa onde está Parada de Moreda, a aldea na que naceu Uxío Novoneyra, non é a única zona montañosa que temos en Galicia. A maioría destas montañas están nas provincias interiores: Lugo e Ourense. Non acadan alturas moi elevadas. O punto con maior elevación está en Pena Trevinca, na provincia de Ourense, con 2095 metros sobre o nivel do mar.

Serás quen de averiguar o nome das principais cadeas montañosas galegas? Só tes que resolver os xeroglíficos e escribir os nomes resultantes.

The puzzle pieces and their clues are:

- Top Left:** da -fa
- Top Right:** da **FEMININO**
- Right (LUGO):** da
- Right (PONTEVEDRA):** - da
- Bottom Left:** de -N- +NEDA
- Bottom Right:** da **LAIO, XEMIDO** **Ai!**

The map labels are: A CORUÑA, LUGO, PONTEVEDRA, OURENSE.

SERRA DA LOBA SERRA DO FARO COVA DA SERPE SERRA DA QUEIXA
SERRA DA CAPELADA CABEZA DE MANZANEDA